

**Aleida**

**OROSO**

**Programa de prevención da exclusión social  
na poboación xuvenil**

## **ÍNDICE**

### **PÁXINAS**

1. XUSTIFICACIÓN	3
2. OBXETIVOS	6
3. LOCALIZACIÓN	6
4. PERSOAS BENEFICIARIAS	7
5. DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO	7
5.1 TRABALLO DENTRO DO CENTRO EDUCATIVO	7
5.2 TRABALLO FÓRA DEL CENTRO EDUCATIVO	16
6. METODOLOXÍA	16
7. TEMPORALIZACIÓN	19
8. RECURSOS	20
9. AVALIACIÓN	22

## **1.XUSTIFICACIÓN**

O Programa Aleida ten o propósito de traballar coa poboación xuvenil, fundamentalmente en situación de risco ou de exclusión social. Esta labor levase a cabo principalmente nos centros educativos, o que permite detectar aqueles casos cos que é necesario actuar.

O Concello de Oroso experimentou nos últimos 20 anos unha significativa transformación poboacional e social. Durante anos Oroso destacou pola alta taxa de natalidade en comparativa coa gran maioría de concellos galegos, que sofren unha diminución de poboación e un grave envellecemento. Este rápido crecemento xerou unha nova realidade de necesidades sociais, destacando entre elas aquelas relacionadas coa poboación nova. Detectáronse nos últimos anos situacións de fracaso escolar, conflitividade familiar e social, o inicio no consumo de drogas que provocan no seu conxunto un risco de exclusión social.

Debido a todo isto consideramos a necesidade dunha intervención social coa poboación xuvenil baseada na prevención como estratexia máis eficaz e efectiva da abordaxe da exclusión social.

Concello de Oroso ten o obxectivo de poñer en marcha actividades que afronten aquelas situacións de risco de exclusión social para a poboación xuvenil dende a óptica da prevención. O obxectivo principal é favorecer o proceso de integración escolar, familiar, social e laboral para o cal as actividades adaptaranse ás necesidades e características individuais ou grupais da poboación destinataria.

O programa Aleida-Oroso xurde da experiencia de Instituto Galego de Xestión do Terceiro Sector (a partir de agora IGAXES3) no traballo coa xuventude ó longo dos anos en institutos de educación secundaria nos concellos de Santiago de Compostela e Ames, nos cales puido constatar a dificultades da inserción social e laboral da poboación xuvenil con fracaso escolar e riscos sociais.

IGAXES3 a través do Programa Aleida estableceu como liña estratéxica prioritaria a loita contra o fracaso escolar e a conflitividade persoal e social. É coñecido o efecto devastador deste fenómeno, que coarta, e en moitas ocasións, anula as posibilidades de futuro da poboación xuvenil, converténdose nun método de predición da exclusión social. Neste sentido pódese dicir que unha sociedade que non toma medidas efectivas para loitar contra este fenómeno, está incorrendo nunha forma máis de maltrato estrutural na infancia e a adolescencia, poñendo en risco o seu propio desenvolvemento social.

O fracaso escolar soe abordarse en termos estritamente educativos, sen embargo, a loita contra este fenómeno debe aunar dous enfoques de traballo que nunca deberían permanecer illados: a intervención educativa (co alumnado e persoal educativo) e a intervención socio-familiar. Combinar ambas vías, permítenos desenvolver unha potente estratexia preventiva de exclusión social.

Este programa vai máis aló do estritamente académico, xa que enténdense que na maioría das ocasións o fracaso e/ou abandono escolar están ligados a outras circunstancias tales como: consumo de drogas, bullying, cyberbullying, problemas familiares, relacións coercitivas, falta de habilidades sociais, etc.

En definitiva, para poder mellorar e cambiar esta situación, necesítase dunha intervención multidisciplinar e integral, onde as familias teñan un papel protagonista.

O Concello de Oroso xunto con IGAXES3 como entidade social, especializada en traballo con menores con problemas de integración e vulnerabilidade social pretende dar resposta a través do programa Aleida -Oroso configurando unha serie de accións preventivas que se integren no proceso de aprendizaxe dos nenos e nenas e traballen aspectos tales como: as habilidades sociais, afectividade e sexualidade, interculturalidade, resolución de conflitos, dereitos e deberes, a prevención do consumo de drogas, etc.

Os nosos ámbitos de intervención serán fundamentalmente tres. En primeiro lugar nos **centros educativos** xa que constitúe o marco idóneo para traballar coa poboación xuvenil, pois en numerosas ocasións sírvenos para detectar situacións de risco e/ou traballar de maneira máis individualizada con aqueles/as que xa están en situación de conflito e localizadas polo persoal do propio centro.

En segundo lugar **traballo en rede** entre diferentes entidades a nivel autonómico e local (ONG'S, asociacións, servizos sociais, entidades xuvenís, etc.) e por último co **traballo da rúa** cuxo obxectivo é a intervención educativa nos espazos non formais podendo chegar así a un maior número de adolescentes estean ou non escolarizados.

A estratexia de intervención consistirá no traballo conxunto dos servizos sociais comunitarios, animación comunitaria e mediación familiar. O propósito é a xeración de dinámicas que contribúan a creación ou reforzo de redes de apoio social que favorezan a cohesión social e integración no conxunto da cidadanía.

## 2. OBXECTIVOS

### Obxectivo xeral:

Previr situacións de risco ou exclusión social das persoas novas incidindo directamente no fracaso escolar a través das ferramentas innovadoras que se axustan ás características individuais e/ou grupais na busca do seu empoderamento

### Obxectivos específicos:

- Reducir as condutas disruptivas.
- Previr o fracaso escolar e/o risco de exclusión social
- Formar en autonomía e independencia.
- Capacitar ao alumnado das competencias sociais e emocionais básicas como: autoconciencia, autorregulación, autocontrol, motivación, empatía, manexo dos conflitos, colaboración e cooperación para favorecer o desenvolvemento da súa personalidade.
- Formar para previr situacións de risco derivadas do consumo de drogas, relacións sexuais inadecuadas e o mal uso das novas tecnoloxías (ciberbullying, sextorsión, sexting, etc.)
- Traballar individualmente ou en grupos reducidos, co alumnado que pola súa situación socio familiar requiren unha intervención máis específica.

## 3. LOCALIZACIÓN

No Instituto de Educación Secundaria "Oroso", situado na Rúa Tosca,  
59 en Sigüeiro, Oroso.

#### **4. PERSOAS BENEFICIARIAS**

- Poboación nacida entre o ano 1999 e 2003: 361 persoas
- Alumnado escolarizado no IES "Oroso": 213 persoas
- Profesorado e orientadora: 27

#### **5. DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA**

Este programa desenvólvese en tres ámbitos de execución: centro educativo, fóra do centro educativo e o traballo co as familias.

Asemade hai dous niveis de intervención: a nivel grupal e a nivel individual.

##### **5.1 TRABALLO DENTRO DO CENTRO EDUCATIVO**

Abordaranse as seguintes temáticas: sexualidade e relacións coercitivas, resolución de conflitos e prevención de drogodependencias.

## TALLERES A NIVEL GRUPAL:

### TALLER DE RELACIONES COERCITIVAS Y SEXUALIDAD

Aleida-Oroso é que a sexualidade ten gran relevancia na fase vital da adolescencia. Na actualidade aínda persiste desinformación, crenzas, mitos, tabús, estereotipos e roles que marcan as relacións afectivas e sexuais das mozas e mozos que asemade condicionan o seu desenvolvemento persoal e social.

#### Obxectivo xeral:

- Promover valores para unha vivencia da sexualidade plena e satisfactoria que favoreza o desenvolvemento integral da persoa.

#### Obxectivos específicos:

- Distinguir entre relacións coercitivas (abuso e coerción) das que non o son.
- Eliminar as crenzas sobre determinadas prácticas sexuais.
- Informarse sobre as vantaxes do uso de métodos anticonceptivos.
- Permitir a abordaxe da sexualidade dende un punto de vista máis global e non soamente dende os perigos, senón máis ben dende as posibilidades
- Coñecer o modo de vivir a sexualidade en diferentes culturas

Poboación destinataria: 52 alumnas/os de 3º curso da ESO

Número de alumnas: 23

Número de alumnos: 29



**Contidos:**

Sesión 1	Sesión 2	Sesión 3
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Relación entre sexualidade e afectividade</li> <li>- O papel das relacións sexuais.</li> <li>- A vivencia e expresión da sexualidade</li> <li>- Concepto de sexualidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coerción Sexual.</li> <li>- Abuso Sexual.</li> <li>- Maltrato físico e psicológico</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dereitos Sexuais</li> <li>- Sexo e Cultura.</li> </ul>

**TALLER DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**

Búscase que as persoas participantes aprendan a resolver conflitos da maneira máis efectiva e pacífica posible. Unha situación de conflito pode brindar a oportunidade para chegar a un acordo ou á solución dun problema, entendendo que os conflitos son discrepancias ou disputas que non son negativas nun inicio e que non existen nin persoas gañadoras nin perdedoras.

**Obxectivo xeral:**

- Capacitar ao alumnado coas técnicas o estratexias necesarias para a resolución efectiva dos conflito.

**Obxectivos específicos:**

- Capacitar ao alumnado para que aprendan a dicir que non dun xeito asertivo.
- Desenvolver a capacidade de empatía para poñerse no lugar da outra persoa.
- Fomentar a práctica da escoita activa.
- Axudar a desenvolver unha personalidade baseada na asertividade, evitando tanto as condutas agresivas como as permisivas.

Poboación destinataria: 54 alumnas/os de 2º curso da ESO

Número de alumnas:31

Número de alumnos: 22

**Contidos:**

<b>Sesión 1.</b>	<b>Sesión 2.</b>	<b>Sesión 3.</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Tipos de conflito.</li><li>• Pasos a seguir para a resolución de conflitos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Comportamentos ante un conflito.</li><li>• Relaxación e escoita activa.</li><li>• Negociación.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Mediación.</li><li>• Pasos a seguir para a mediación.</li></ul>

## PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS

OBRADOIRO	Nº SESIÓN S	Nº ESTIMADO OBRADOIRO S	CURSO	POBOACION DESTINATARIA	OBXECTIVOS	DESCRIPCIÓN CONTIDOS
<b>PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS A TRAVÉS DAS HABILIDADES SOCIAIS</b> <b>I: APRENDEMOS A COMUNICARNOS ASERTIVAMENTE</b>	4	12	1º Ensinanza Secundaria Obrigatoria	→ Poboación destinataria : 68 alumnas/os → Alumnos: 39 → Alumnas: 29	→ Achegar ferramentas útiles na aprendizaxe de habilidades sociais. → Evitar o posible desenvolvemento de condutas de risco, pouco produtivas para favorecer a aprendizaxe axeitada para a súa idade. → Posta en marcha dun apoio para a adquisición de destrezas comunicativas.	SESIÓN 1:Habilidades sociais e comunicación SESIÓN 2:Aprendemos a linguaxe verbal e non verbal SESIÓN 3:Dialogamos ou discutimos? SESIÓN 4:Expresar as emocións

OBRADOIRO	Nº SESIÓNS	Nº ESTIMADO OBRADOIRO S	CURSO	POBOACION DESTINATARIA	OBXECTIVOS	DESCRIPCIÓN CONTIDOS
<p><b>PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS A TRAVÉS DAS HABILIDADES SOCIAIS II: COÑEZOME E TOMO AS MIÑAS PROPIAS DECISIÓNS</b></p>	4	12	2º Ensinanza Secundaria Obligatoria	<p>→ Poboación destinataria : 67 alumnas/os</p> <p>→ Alumnos: 31</p> <p>→ Alumnas: 36</p>	<p>→ Evitar o illamento social das persoas participantes nos obradoiros, fomentando as relacións persoais e grupais.</p> <p>→ Evitar o posible desenvolvemento de condutas de risco, pouco produtivas para favorecer a aprendizaxe axeitada para a súa idade.</p> <p>→ Coñecernos para afrontar situacións nas que sexa necesario saber dicir que non</p>	<p>SESIÓN 1:Falar dun mesmo</p> <p>SESIÓN 2: Empatía</p> <p>SESIÓN 3:Toma de decisións I</p> <p>SESIÓN 4:Toma de decisións II: o grupo</p>

OBRADOIRO	Nº DE SESIÓNS	Nº ESTIMADO OBRADORIOS	CURSO	POBOACION DESTINATARIA	OBXETIVOS	DESCRIPCIÓN DOS CONTIDOS
<b>PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS I: EU PASO DE MOVIDAS, E TI?</b>	4	8	3º de Ensinanza Secundaria Obrigatoria	→ Poboación destinataria : 54 alumnas/os → Alumnos: 22 → Alumnas: 31	→ Informar sobre as consecuencias do uso e abuso das drogas a tratar. → Previr condutas aditivas sobre o consumo de drogas. → Evitar o posible desenvolvemento de condutas de risco, pouco produtivas para favorecer a aprendizaxe axeitada para a súa idade. → Informar sobre os riscos sociais derivados do consumo de drogas	SESIÓN 1: Que sabemos sobre as drogas?  SESIÓN 2: Tabaco  SESIÓN 3: Alcohol  SESIÓN 4: A mal viaxe da marihuana

OBRADOIRO	Nº SESIÓNS	Nº ESTIMADO OBRADOIROS	CURSO	POBOACIÓN DESTINATARIA	OBXECTIVOS	DESCRICIÓN CONTIDOS
<p><b>PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS II: DESTERRANDO MITOS</b></p>	<p>4</p>	<p>12</p>	<p>4º de Ensinanza Secundaria Obrigatoria</p>	<p>→ Poboación destinataria : 52 alumnas/os                      → Alumnos: 29                      → Alumnas: 23</p>	<p>→ Informar sobre as consecuencias do uso e abuso das drogas a tratar.                      → Previr condutas aditivas sobre o consumo de drogas.                      → Informar sobre os riscos sociais derivados do consumo de drogas así como das súas consecuencias penais</p>	<p>SESIÓN 1: A cocaína                      SESIÓN 2: Que sabemos doutras drogas?                      SESIÓN 3 : "Drogas de moda"                      SESIÓN 4 : Riscos sociais. Lexislación sobre drogas e riscos sociais derivados do seu consumo</p>

## **TRABALLO A NIVEL INDIVIDUAL:**

### **TITORÍAS DE MEDIACIÓN NO CONFLICTO E PREVENCIÓN DO ACOSO ESCOLAR**

Tratase de traballar a nivel individual co alumnado aqueles aspectos básicos que preveñan ou traten de mellorar a súa integración social a todos os niveis. Estes aspectos básicos poden ser: habilidades sociais, prevención ou intervención no consumo de drogas, prevención ou intervención en situacións de acoso escolar. As derivacións faranse dende o dpto. de orientación ou ben polo equipo directivo do centro educativo.

Os perfís propostos polo equipo de orientación ou directivo do centro deberán aprobarse polo equipo educativo de IGAXES.

A porcentaxe de alumnado por educador/a será de 5 persoas. No momento no que a persoa técnica de por finalizada a intervención ou moza ou mozo decida abandonar, poderase propoñer unha nova intervención.

Tamén realizarase a nivel individual un traballo co alumnado que se atopan en situacións de conflito con compañeiros e compañeiras , co profesorado e coa familia e se valore a necesidade dunha mediación profesional.

## 5.2 TRABALLO FÓRA DO CENTRO EDUCATIVO

### **CONECTA-ALEIDA. SERVICIO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR:**

Dirixido a alumnado entre 12-18 anos e as súas familias, cando se detecten situacións como:

- Problemas de conduta: comportamento agresivo, consumo de sustancias, condutas de risco ...
- Dificultades de integración e adaptación: illamento social, chamadas de atención, situacións de acoso ...

Calquera indicio de dificultade emocional que poida beneficiarse de intervención terapéutica.

## 6. METODOLOXÍA

Para poder acadar estes obxectivos deseñouse unha metodoloxía de intervención que combina dous estratexias moi diferenciadas:

- Dinámicas grupais: Co obxectivo de favorecer a participación activa, a integración, o intercambio cultural, o coñecemento e aproveitamento dos recursos da comunidade, a resolución efectiva e positiva de conflitos, etc.
- Intervención individualizada co alumnado:
  - Aqueles/as que identificados nos obradoiros e talleres ou que foron derivados por problemas de integración no grupo clase e/ou polo centro.
  - A metodoloxía que se empregará coas persoas participantes neste programa seguirá seguintes pasos:
- Os/as participantes serán derivados/as polo departamento de orientación do centro educativo.



- Entrevista inicial coa persoa participante, na que se completará unha ficha onde quedarán de manifesto dende os seus datos persoais e de contacto, autorización paterna e/ou materna, as características persoais e familiares, así como as súas fortalezas e debilidades.
- Proceso de acompañamento individual: definición conxunta en función dos datos anteriores dun plan individualizado de actuación.
- Proceso de acompañamento individual: por medio de titorías individualizadas, coa periodicidade que determine a súa evolución, apoiándoo/a no seu proceso de inserción social, integración no grupo-clase, orientación académica, etc., por medio da definición de intereses e da busca de información que lle permita facer unha correcta toma de decisións.
- Durante o tempo que dure esta acción formativa manteranse reunións mensuais coas familias dos/as participantes, así como coa orientadoras do centro educativo.

En canto á organización interna, o proxecto levarase a cabo polo equipo de traballo de IGAXES e o Concello de Oroso: traballadoras/es sociais, educadoras/es sociais e técnicas/os de inserción laboral.

Existirá unha coordinación formal entre ambas entidades.

Aos efectos de seguimento do proxecto, se establecen as seguintes reunións:

- Unha reunión semanal do equipo
- Unha reunión mensual ordinaria na que participen a coordinadora do programa e o equipo directivo da entidade.
- Unha reunión bimensual na que participen ás coordinadoras das dúas entidades.

Trimestralmente realizarase unha valoración das accións do proxecto

Con respecto á coordinación externa, celebrarase unha reunión informativa inicial entre as Coordinadoras do Programa e o Departamento de Orientación do Centro educativo.

Asemade manteranse reunións informativas con outras entidades e institucións para favorecer a inserción social e laboral das persoas participantes .Entendemos que o traballo en rede e a colaboración entre entidades e institucións, axuda ás persoas, e favorece a creación dunha rede de apoio social ampla que lles permita estar informados/as dos recursos existentes o seu alcance.

Trimestralmente celebrarase unha reunión por parte da Coordinadora do Programa co departamento de orientación para proceder ao seguimento das accións do programa

A participación das persoas destinatarias do programa es básica e constitúe unha das liñas de traballo fundamentais e prioritarias. A autonomía persoal e a integración relacional son os piares sobre os cales basease a intervención social,

## 7. TEMPORALIZACIÓN

ACCIÓNS	2015				2016					
	SET	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ
Taller de relacións coercitivas e sexualidade		X	X	X	X	X	X	X	X	
Taller de resolución de conflitos		X	X	X	X	X	X	X	X	
Prevenção de drogodependencias		X	X	X	X	X	X	X	X	
Titorías de mediación		X	X	X	X	X	X	X	X	X
Titorías		X	X	X	X	X	X	X	X	X
Intervención familiar		X	X	X	X	X	X	X	X	X
Actividades de coordinación, programación, avaliación	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X